

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI
O DÍA 3 DE DECEMBRO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO CONSELLEIRO
DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA, SR. D. ALFONSO RUEDA**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Proxecto de Lei de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior

DECRETOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se autoriza a implantación dos estudos universitarios oficiais de posgrao nas universidades do Sistema Universitario de Galicia

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se modifica o Decreto 177/1995, do 16 de xuño, polo que se regula a tarxeta sanitaria.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao protocolo entre a Secretaría Xeral de Emigración e o Ministerio de Traballo e Inmigración, asinado con data do 10 de xullo de 2009, polo que se prorroga, para o ano 2009, o convenio de colaboración suscrito o 25 de outubro de 2005 entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración de persoas inmigrantes, así como de reforzo educativo, por un importe de un millón trescentos sesenta mil cento dezanove con cinco céntimos (1.360.119,05 euros)

- Acordo polo que se valida o expediente de gasto derivado da Orde do 4 de marzo de 2009 (DOG do 9-3-2009), para aboamento dos gastos da infraestrutura colexial aos colexios de avogados de Galicia, a través do Consello da Avogacía Galega, por un importe de seiscentos corenta e un mil seiscentos oitenta euros con dezanove céntimos (641.680,19 euros)
- Acordo polo que se valida o expediente de gasto derivado da Orde do 4 de marzo de 2009 (DOG do 9-3-2009), para aboamento dos gastos da infraestrutura colexial aos colexios de procuradores de Galicia, a través do Consello Galego de Procuradores, por un importe de corenta mil novecentos oitenta e dous euros con trinta e cinco céntimos (40.982,35 euros)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Consello da Avogacía Galega para o funcionamento do Servizo de Orientación Xurídica, por un importe de importe de cento oitenta mil euros (180.000,00 euros)
- Acordo polo que se autoriza sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Pública e Xustiza e o Instituto Galego de Estatística para a execución do proxecto Programa Operativo de Cooperación Territorial España-Portugal (POCTEP)-Observatorio Transfronteirizo, por un importe de setenta mil euros (70.000,00 euros)

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a addenda ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia; Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil para o financiamento, execución e explotación das obras de Mellora da depuración e vertedura de Ferrol EDAR de Cabo Poriño

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio para o funcionamento e reserva de prazas para alumnado no *Centro neuropsicopedagóxico O Pelouro*, durante o curso 2009-2010
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a *Federación Galega de Municipios e Provincias* para a realización de actividades en materia de normalización lingüística nas entidades locais de Galicia

- Acordo polo que se autoriza o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia para o programa de apoio á implantación da LOE

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que aproba a declaración da incidencia supramunicipal do proxecto sectorial para o novo Hospital de Pontevedra

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de deseño, creación, planificación, asistencia e execución dos plans de medios para a SA de Xestión do Plan Xacobeo

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña para a atención de menores no centro residencial Fogar Infantil Emilio Romay, na Coruña, por un importe de trescentos sesenta e cinco mil euros (365.000,00 euros)
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra para a atención de menores no centro residencial *Ciudad Infantil Príncipe Felipe*, en Pontevedra, por un importe de setecentos trinta mil euros (730.000,00 euros)

MOCIÓNS E PROPOSTAS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Declaración institucional do Día da Discapacidade

A XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO DA LEI ÓMNIBUS QUE ADAPTA 24 LEIS AUTONÓMICAS Á DIRECTIVA EUROPEA DE SERVIZOS

- *Galicia é a comunidade autónoma que impulsa un programa de reformas máis ambicioso*
- *O obxectivo é axudar os emprendedores reducindo trámites e taxas, xerando un clima favorable ao investimento*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o anteproxecto da Lei Ómnibus que modifica 24 leis autonómicas que afectan materias sobre as que Galicia ten competencia para adaptalas á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo, coñecida como a Directiva Europea de Servizos.

A aprobación dunha disposición modificativa múltiple ou Lei Ómnibus asegura a coherencia no proceso de adaptación e contribúe a dar unha maior visibilidade das implicacións legislativas da Directiva de Servizos en cada sector, pola elaboración e a tramitación conxunta das modificacións das principais leis galegas afectadas.

Para efectos da transposición da Directiva, o Goberno central aprobou o pasado 23 de novembro a Lei 17/2009 sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, unha normativa que se configura como unha lei de cobertura. Coa aprobación hoxe do anteproxecto galego, a Comunidade Autónoma participa no seu ámbito competencial no desenvolvemento legislativo e regulamentario da transposición da Directiva, para garantir a súa efectiva aplicación e evitar situacións de inseguridade xurídica.

O proxecto galego elaborouse nun tempo récord, máxime se se ten en conta a súa extensión e complexidade. Ademais, Galicia é a comunidade autónoma que impulsa un programa de reformas máis ambicioso, coa modificación de 24 leis, seguida das 18 de Castela e León, das 16 de Madrid e das 14 de Canarias.

Vantaxes da Directiva

A Directiva Europea de Servizos intenta aplicar de xeito efectivo os principios de libre competencia no mercado interior europeo, ao igual que sucede coas mercadorías e os capitais. A súa importancia radica en que vai dirixida a un sector que concentra ao redor de dous terzos da riqueza e o emprego en toda a Unión Europea.

A normativa parte da premisa de que as administracións públicas deben reducir a burocracia que limita e incrementa os custos dos emprendedores, cinguindo a intervención administrativa ao que poida cualificarse como razón imperiosa de interese xeral.

Coa transposición da Lei Ómnibus, a Xunta quere axudar as pequenas e medianas empresas, profesionais, traballadores autónomos e emprendedores en xeral, para o que se reducen custos e prazos que viñan soportando á hora de poñer en marcha os seus proxectos empresariais.

No sector do turismo, que achega máis do 10% do PIB e do emprego galegos, suprímense practicamente todas as autorizacións previas da Administración autonómica. A Xunta aproveita ademais a reforma legal para reformular a política de taxas e reducir a carga fiscal aos emprendedores. Trátase de xerar un clima favorable ao investimento, como impulso para superar a crise e crear emprego.

Leis modificadas

Coa tramitación da Lei Ómnibus modifícanse as leis autonómicas que afectan a materias sobre as que a Comunidade Autónoma ten competencia co fin de adaptalas ao disposto na Directiva Europea de Servizos. Son as seguintes:

- Lei 17/2006, do 27 de decembro, de normas reguladoras do libro e da lectura de Galicia.
- Lei 8/1993, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia.
- Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.
- Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia.
- Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial.
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia.
- Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia.
- Lei 9/2004, do 10 de agosto, de seguridade industrial de Galicia.
- Lei 1/1996, do 5 de marzo, de regulación das actividades feirais de Galicia.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 11/2001, do 18 de setembro, de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 3/2006, do 30 de xuño, de creación do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia.
- Lei 8/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia.
- Lei 9/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia.
- Lei 10/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Enxañería en Informática de Galicia.

-
- Lei 11/2006, do 1 de decembro, de creación do Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia.
 - Lei 15/2007, do 13 de decembro, de creación do Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia.
 - Lei 1/2008, do 17 de abril, de creación do Colexio Oficial de Detectives Privados e Privadas de Galicia.
 - Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia.
 - Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria.
 - Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A IMPLANTACIÓN DE ESTUDOS OFICIAIS DE MÁSTER UNIVERSITARIO E DOUTORAMENTO NAS UNIVERSIDADES GALEGAS

- *Ao abeiro deste decreto, no curso 2009/2010 impartiranse 83 titulacións de máster, e 77 programas de doutoramento*

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2009.- O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se autoriza a implantación dos estudos universitarios oficiais de máster universitario e de doutor ou doutora en distintas facultades do Sistema Universitario Galego (SUG) para este curso 2009/2010.

Este cambio nos posgraos enmárcase no proceso de adaptación das titulacións do SUG ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Son, en total, 160 títulos (83 de máster e 77 programas de doutoramento) os que se van implantar ao abeiro deste decreto, ben que a maioría deles son transformacións de títulos que están a ser impartidos na actualidade nas respectivas universidades galegas, fundamentalmente dos antigos programas de doutoramento (terceiro ciclo), cuxo período de formación pasa a converterse en máster, e o período de investigación transfórmase no propio programa de doutoramento. Deste xeito, en sentido estrito, autorízanse 30 novos estudos de máster e 24 conducentes ao título de doutor ou doutora; mentres que os 106 restantes son resultado da adaptación ao novo sistema.

Simplificación de títulos

Neste proceso de transformación do SUG ao EEES, que deberá estar finalizado en 2010, a Consellería de Educación e as distintas universidades realizaron un importante esforzo de simplificación para unificar os antigos doutoramentos non viables ou con características moi semellantes, e evitar así duplicidade de contidos. Así, o novo master e programa de doutoramento da Universidade de Vigo (UVIGO) en "Ordenación Xurídica do Mercado" procede da unión dos antigos de "Dereito e Mercado", "Novas Orientacións do Dereito Público na UE", "Dereito a Libre Circulación" e "Principios e Categorías Básicas da Fiscalidade Interna e Internacional", todos eles estudos polos cales se obtiña a titulación de doutor ou doutora.

De xeito semellante, as universidades do SUG traballaron para romper a dualidade período de formación (terceiro ciclo) – período de investigación dos vellos programas de doutoramento, que conducira a unha oferta sobreaumentada. Grazas a este proceso de transformación, é posible acceder aos novos doutoramentos desde un ou varios máster. É o caso, entre outros, do programa en Ciencias Forenses e Patoloxía, da USC, ao cal se poderá acceder desde os máster en Biomedicina, en I+D de Medicamento, e en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados.

Por outra banda, e para fomentar a relación co resto do sistema universitario español, optouse pola elaboración de catro títulos interuniversitarios dentro do propio SUG, e outros catro fóra del.

A relación de títulos adaptados e novos que se van impartir en virtude deste decreto é a seguinte:

	MÁSTER UNIVERSITARIO	PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO
USC	<ul style="list-style-type: none"> - Biodiversidade e Conservación do Medio Natural - Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfases (interuniversitario) - Ciencia e Tecnoloxía de Materiais - Comunicación e Industrias Creativas - Dereito das Administracións e Institucións Públicas - Dereito Privado - Desenvolvemento Económico e Innovación - Dirección de Empresas - Economía. Organización Industrial e Mercados Financeiros - Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural - Enxeñaría Química e de Procesos - Estudos Ingleses. Tendencias Actuais e Aplicacións - Estudos Internacionais - Estudos Lingüísticos - Estudos Medievais Europeos. Imaxes, Textos e Contextos - Filosofía. Cuestións Actuais - Fiscalidade Internacional e Comunitaria - Física Nuclear e de Partículas e as súas Aplicacións Tecnolóxicas e Médicas - Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias - Investigación Agraria e Forestal - Investigación Básica e Aplicada en Ciencias Veterinarias 	<ul style="list-style-type: none"> - A Europa Medieval e Moderna: Territorio, Sociedade e Cultura - Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade - Atención Integral da Saúde - Avances en Bioloxía Microbiana e Parasitaria - Bioquímica e Bioloxía Molecular - Ciencias Forenses e Patoloxía - Ciencias Odontolóxicas - Endocrinoloxía - Enxeñaría para o Desenvolvemento Rural - Enxeñaría Química e Ambiental - Estudo e Edición de Textos Literarios Españois e Latinoamericanos - Estudos sobre Historia da Arte e da Música - Estudos sobre Xuventude e Sociedade - Filoloxía Clásica - Filoloxía Románica - Historia da Arte Medieval - Humanidades e Servizos Culturais - Industrias Alimentarias: Ciencia, Enxeñaría e Prevención de Riscos Laborais - Innovación en Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias - Investigación Agraria e Forestal - Investigación en Enxeñaría Termodinámica de Fluídos (interuniversitario)

	<ul style="list-style-type: none"> - Investigación Biomédica - Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos - Investigación en Didáctica das Ciencias Experimentais e da Matemática - Investigación en Economía Aplicada - Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario - Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria - Investigación en Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía - Investigación en Tecnoloxías da Información (interuniversitario) - Lingüística Galega (Interuniversitario) - Matemáticas - Medio Ambiente e Recursos Naturais - Procesos de Formación - Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas 	<ul style="list-style-type: none"> - Investigación en Tecnoloxías da Información (interuniversitario) - Lingua e Literatura Alemás. - Lingüística Aplicada e Teoría da Lingüística - Lingüística Española - Lingüística Galega (interuniversitario) - Medio Ambiente e Recursos Naturais - Morfoloxía Médica - Psicoloxía Social Aplicada aos Contextos Organizacional e Político- xurídico
UDC	<ul style="list-style-type: none"> - Asesoramento Xurídico Empresarial - Bioloxía Molecular, Celular e Xenética - Computación - Enxeñaría de Sistemas Informáticos - Innovación, Orientación e Avaliación Educativa - Investigación en Tecnoloxías da Información (interuniversitario) - Investigación en Tecnoloxías Navais e Oceánicas - Láseres e Aplicacións en Química. QUIMILASER (interuniversitario) 	<ul style="list-style-type: none"> - Arquitectura e Rehabilitación - Bioloxía Celular e Molecular - Ciencia e Tecnoloxía Ambiental - Ciencias Sociosanitarias - Competitividade, Innovación e Desenvolvemento: Análise Económico e Empresarial - Computación - Deporte, Educación Física e Ocio Saudable - Dereito - Dirección Integrada de Proxectos - Enxeñaría da Auga - Enxeñaría Civil - Enxeñaría Industrial

	<ul style="list-style-type: none"> - Lingüística e as súas Aplicacións (interuniversitario) - Psicoloxía Aplicada - Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas - Xestión e Políticas Públicas 	<ul style="list-style-type: none"> - Estudos Lingüísticos e Literarios do Galego e do Portugués - Innovación, Orientación e Avaliación Educativa - Investigación en Migracións Internacionais - Investigación en Tecnoloxías da Información (interuniversitario) - Lingua, Texto e Expresión Artística - Lingüística e as súas Aplicacións (interuniversitario) - Novas Aproximacións dos Estudos Anglo-Norteamericanos e Irlandeses - Psicoloxía da Saúde - Tecnoloxías da Información e as Comunicacións - Tecnoloxías Navais e Oceánicas
UVIGO	<ul style="list-style-type: none"> - Administración Integrada de Empresas: Responsabilidade Social Corporativa, Calidade e Medio Ambiente - Artes Escénicas - Ciencia e Tecnoloxía de Coloides e Interfases (interuniversitario) - Ciencias do Clima: Meteoroloxía, Oceanografía Física e Mudanza Climática - Contaminación Industrial: Avaliación, Prevención e Control - Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos - Dirección e Xestión da Loxística e a Cadea de Subministración - Economía - Economía, Avaliación e Xestión do Medio Mariño e os Recursos Pesqueiros - Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais 	<ul style="list-style-type: none"> - Administración Integrada de Empresas: Responsabilidade Social Corporativa, Calidade e Medio Ambiente - Actividade Física, Deporte e Saúde - Artes Escénicas - Ciencias do Clima: Meteoroloxía, Oceanografía Física e Mudanza Climática - Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos - Economía - Ecosistemas Terrestres, Uso Sustentable e Implicacións Ambientais - Enxeñaría Química - Enxeñaría Telemática - Enxeñaría Térmica (interuniversitario) - Estudos Ingleses Avanzados: Interpretación Textual e Cultural das Sociedades Anglófonas

<ul style="list-style-type: none">- Edición- Enxeñaría Química- Enxeñaría Telemática- Enxeñaría Térmica (interuniversitario)- Estudos Ingleses Avanzados: Interpretación Textual e Cultural das Sociedades Anglófonas Contemporáneas- Finanzas- Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais- Innovación Industrial e Optimización de Procesos- Investigación en Actividade Física, Deporte e Saúde- Investigación en Comunicación- Investigación en Contabilidade e Finanzas- Investigación Psicosocioeducativa con Adolescentes en Contextos Escolares- Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria- Libro Ilustrado e Animación Audiovisual- Lingüística e as súas Aplicacións (interuniversitario)- Lingüística Galega (interuniversitario)- Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social- Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida- Ordenación Xurídica do Mercado- Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas- Radiocomunicación e Enxeñaría Electromagnética- Sistemas Software Intelixentes e Adaptables	<ul style="list-style-type: none">Contemporáneas- Historia, Territorio e Recursos Patrimoniais- Investigación en Comunicación- Investigación en Contabilidade e Finanzas- Investigación Psicosocioeducativa en Educación Secundaria: Cara á unha proposta de Calidade- Investigación en Tecnoloxías e Procesos Avanzados na Industria- Lingüística e as súas Aplicacións (interuniversitario)- Lingüística Galega (interuniversitario)- Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social- Metodoloxía e Aplicacións en Ciencias da Vida- Ordenación Xurídica do Mercado- Radiocomunicación e Enxeñaría Electromagnética- Sistemas Software Intelixentes e Adaptables- Tecnoloxía Medioambiental- Teoría do Sinal e Comunicacións- Tradución e Paratradución
-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

	<ul style="list-style-type: none">- Tecnoloxía Medioambiental- Tecnoloxías Avanzadas de Procesos de Deseño e Fabricación Mecánica- Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóbel- Teoría do Sinal e Comunicaci3ns- Traduci3n e Paratraduci3n	
--	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--

A XUNTA MODIFICA O DECRETO QUE REGULA A TARXETA SANITARIA PARA DAR COBERTURA AOS GALEGOS QUE RESIDAN NO ESTRANXEIRO E REALICEN ESTANCIAS TEMPORAIS NA COMUNIDADE

- *O sistema de tarxeta sanitaria permite a acreditación e identificación da cidadanía galega para o acceso ás prestacións sanitarias do sistema público de saúde*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a modificación do Decreto 177/1995, do 16 de xuño, polo que se regula a tarxeta sanitaria. Este sinala que a tarxeta sanitaria é o documento que identifica aos cidadáns residentes en Galicia protexidos polo sistema sanitario público, pero na súa redacción non se contemplan os galegos que realicen estancias temporais na Comunidade Autónoma e residan no estranxeiro.

O sistema de tarxeta sanitaria permite a acreditación e identificación da cidadanía galega para o acceso ás prestacións sanitarias do sistema público de saúde de Galicia, ademais de facilitar os datos necesarios para a asistencia sanitaria.

Tamén a Lei 8/2008, de saúde de Galicia, determina que son titulares do dereito á protección da saúde e á atención sanitaria con cargo a fondos públicos no ámbito da Comunidade Autónoma non só as persoas que residan nos seus concellos, senón tamén os transeúntes na forma e condicións que estableza a lexislación vixente.

Estes son os motivos que levaron á Consellería de Sanidade a modificar o Decreto 177/1995 para dar cobertura sanitaria aos galegos que residan no estranxeiro, cando realicen estancias temporais na Comunidade e non teñan nin poidan ter dereito á asistencia sanitaria pública por ningunha outra vía. Esta cobertura formalizarase mediante a expedición dunha tarxeta coa que os interesados poidan acceder ás prestacións sanitarias.

Polo tanto, modifícase o artigo 1 do decreto ao engadírselle un segundo parágrafo que fai referencia a estes últimos. Ademais, engádese un terceiro artigo no que se especifica á cobertura que dará a tarxeta sanitaria no ámbito da Comunidade Autónoma. Así, segundo o texto, serán continxencias protexidas a enfermidade común, o accidente non laboral e a maternidade.

A XUNTA INCREMENTA O SEU COMPROMISO CO DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE ACOLLIDA, INTEGRACIÓN E REFORZO EDUCATIVO AO COLECTIVO INMIGRANTE

- *Aprobouse a concesión dun fondo adicional ao convenio de colaboración para 2009, polo que se desenvolve o Plan de Acción e Acollida de Inmigrantes e o seu reforzo educativo*
- *A Xunta de Galicia presentará un plan de acción complementario de atención, orientación e asesoramento a inmigrantes, coa finalidade de facilitar a súa integración social*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a concesión dun fondo adicional ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Administración central polo que se desenvolverán actuacións complementarias ao *Plan de Acción e Acollida de Inmigrantes e o seu reforzo educativo*. O *Plan de Acción complementario* centrarase no desenvolvemento dun programa integral de atención, orientación e asesoramento ao colectivo co fin de facilitar a súa integración social.

A través da Secretaría Xeral da Emigración- que fará unha achega económica de 406.243,05€- reforzaranse as accións informativas, formativas e de asesoramento xurídico, social e laboral do colectivo, facendo especial fincapé na elaboración de itinerarios personalizados de inserción ás redes sociais e á vida comunitaria.

Así mesmo, esta actuación ten por obxecto a contratación da figura do mediador intercultural, que canalizará a información existente acerca da realidade migratoria en Galicia e que servirá de intermediario entre a Administración, poboación inmigrante e asociacións e entidades sen ánimo de lucro.

Fomentar actitudes positivas na escola ante a diversidade

Co obxectivo de atender o desfase curricular derivado da procedencia doutros sistemas educativos, implementaranse accións de compensación e reforzo educativo para o alumnado inmigrante en Galicia así como aqueles proxectos encamiñados á aprendizaxe das linguas na sociedade de acollida.

Doutra banda, nas actuacións complementarias propostas ao Plan inclúese incrementar a empregabilidade do colectivo facilitando a información necesaria acerca de programas formativos, orientación laboral e outras axudas ás cales a poboación extracomunitaria teña acceso e que mellore a súa inserción no mercado laboral- paliando as posibles dificultades derivadas da incorporación ao traballo e apoiando a conciliación familiar e laboral-.

Neste punto, enmárcanse iniciativas específicas dirixidas á muller inmigrante na nosa comunidade autónoma orientadas a fortalecer a súa formación profesional e habilidades sociais ou corrixir situacións de especial vulnerabilidade- como a violencia de xénero entre o colectivo-.

As diferentes actuacións -que se levarán a cabo en todos os concellos de Galicia- serán xestionadas a través da subscrición de convenios de colaboración con entidades locais, Federación Galega de Municipios e Provincias, as deputacións de Ourense e Pontevedra e o Instituto Galego de Consumo.

O custo total desta addenda do protocolo de prórroga é de 1.360.119,05€ e manterase a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2009.

A XUNTA ACHEGA MÁIS DE 860.000 EUROS PARA GASTOS DE ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA

- *Achegaranse 180.000 euros nun convenio co Consello da Avogacía Galega para o mantemento do Servizo de Orientación Xurídica (SOX)*
- *Ademais, tamén se aboarán 682.662,54 euros para o pagamento de infraestruturas colexiais dos colexios de avogados e procuradores de Galicia*
- *Doutra banda, o Instituto Galego de Estatística percibirá 70.000 euros para a elaboración e difusión do mapa estatístico de Galicia e o norte de Portugal*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Consello da Avogacía Galega para o mantemento do Servizo de Orientación Xurídica (SOX) nos sete colexios de avogados de Galicia. En total, o departamento que dirixe Alfonso Rueda alcanzará 180.000 euros para o desenvolvemento do convenio.

Con esta sinatura, a Consellería de Presidencia desexa contribuír á boa marcha do Servizo de Orientación Xurídica, que consiste na prestación de asesoramento gratuíto previo ao proceso para as persoas que pretendan reclamar a tutela xudicial dos seus dereitos e intereses dentro da Lei de asistencia xurídica gratuíta e do Decreto que a regula en Galicia. Deste xeito, quérense igualar todos os cidadáns nun asesoramento xurídico previo de calidade sen discriminación por razóns do seu patrimonio.

Ademais, na reunión semanal do Consello da Xunta tamén se aprobou o aboamento dos gastos de infraestruturas colexiais dos colexios de avogados e procuradores de Galicia, que para este ano ascende a 682.662,54 euros.

As organizacións corporativas dos colexios de avogados e procuradores manteñen unha estrutura administrativa para a atención e tramitación dos expedientes administrativos, que logo son resoltos polas comisións de asistencia xurídica gratuíta.

Neste sentido, a Lei estatal de asistencia xurídica gratuíta e o decreto regulador desta en Galicia recoñece que a consellería competente en materia de xustiza, a través do Consello da Avogacía Galega, alcanzará anualmente unha cantidade igual ao 8% do volume económico xerado no ano anterior nas representacións gratuítas, co obxecto de sufragar a infraestructura administrativa dos colexios para estes fins.

Mapa estatístico de Galicia e o norte de Portugal

Doutra banda, a Consellería de Presidencia alcanzará, a través dun convenio de colaboración plurianual, 70.000 euros ao Instituto Galego de Estatística (IGE), para a elaboración e difusión do mapa estatístico de Galicia e o norte de Portugal co fin de

dotar a Eurorexión de indicadores comúns e crear e publicar estatísticas conxuntas de carácter social ou económico.

Este proxecto, que recibe o nome de Programa Operativo de Cooperación Territorial España-Potugal-Observatorio Transfronteirizo, estará financiado con fondos Feder e propios, ao 75% e ao 25%, respectivamente.

A XUNTA DE GALICIA COFINANCIA CON MÁIS DE 15 MILLÓNS DE EUROS A EDAR DE CABO PRIORIÑO QUE CONSTRÚE O GOBERNO CENTRAL

- *Esta infraestrutura é imprescindible para a mellora da depuración e vertedura de Ferrol, polo que foi declarada de interese xeral do Estado*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe unha addenda ao convenio de colaboración entre Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil para a ampliación ao vindeiro ano o financiamento das obras da EDAR de Cabo Prioriño (A Coruña). O Goberno galego ten investidos máis de 15 millóns de euros nestas obras que está a executar a Confederación, e que está previsto que rematen o vindeiro mes de marzo de 2010.

A Xunta de Galicia lembra que no ano 2003 se asinou un acordo para actuacións no cruce e impulsión da Malata e do emisario terrestre: A Malata-EDAR de Cabo Prioriño, en que se investiron 8,3 millóns de euros; neste momento as obras están rematadas. Así mesmo, no ano 2005, o Goberno galego achegou algo máis de 5 millóns de euros; e en 2007 investíronse máis de 1,7 millóns para a execución do emisario submarino desta infraestrutura.

Obxectivos

O obxecto da addenda actual é a modificación do convenio de decembro de 2007. As restruturacións previstas responden á necesidade de levar a cabo reaxustes das anualidades de financiamento á real execución das obras, así como maiores achegas por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través de Augas de Galicia, e da Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Así mesmo, amplíase o período de vixencia deste convenio.

Tal como se dispuxo no acordo inicialmente asinado, o 85 % do financiamento será por conta da Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o 15 % restante partirá do organismo autonómico Augas de Galicia.

Desde o pasado 20 de abril, a Xunta de Galicia, a través do organismo autónomo Augas de Galicia, vénlle requirindo á Confederación Hidrográfica a axilización da totalidade das actuacións, xa que esta infraestrutura é de interese xeral e imprescindible para a recuperación da ría e a mellora da depuración e vertedura de Ferrol.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO PARA O FUNCIONAMENTO DO CENTRO NEUROPSICOPEDAGÓXICO 'O PELOURO', EN TUI

- *O centro é pioneiro na educación de alumnado con trastornos de personalidade e conduta*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio para o funcionamento e reserva de prazas para alumnado no centro neuropsicopedagóxico 'O Pelouro', durante o curso 2009/2010. Mediante este acordo subvenciónase a prestación do servizo público da Educación e a reserva de prazas para alumnado con trastornos de personalidade e conduta neste centro de Caldelas, en Tui (Pontevedra).

Serán 549.822 euros os que a Xunta de Galicia achegue para este fin. Así, a Consellería de Educación dá cumprimento ao establecido no Decreto 191/1988, do 21 de xullo, polo que se declara 'O Pelouro' como centro singular experimental de innovación psicopedagóxica e integración. Non en balde vén desenvolvendo desde 1973 a coeducación de escolares con necesidades educativas específicas, con e sen minusvalidez, mediante unha educación completa e integral da persoa, baseada na súa diversidade.

Con ensinanzas de Educación Infantil, Educación Especial e Educación Secundaria Obrigatoria, este centro presta ademais o servizo de internado que, grazas ao convenio, resulta totalmente gratuíto para o alumnado. Ademais, as cantidades aboadas pola Administración autonómica cobren gastos de persoal, funcionamento e material para o correcto desenvolvemento das pertinentes actuacións de educación integradora e interactiva.

Os rapaces e rapazas con necesidades de apoio educativo específicas conviven e aprenden en integración co resto do alumnado ordinario de 'O Pelouro', co obxecto de acadar o máximo desenvolvemento das súas potencialidades, no marco dunha comunidade educativa equilibrada. Esta atención desenvólvese en réxime de internado de diversos tipos, segundo as circunstancias familiares ou de terapia o aconsellen, procurando o réxime máis axeitado a cada alumno ou alumna e ás dinámicas de grupo adaptadas ás súas características.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EDUCACIÓN E A FEGAMP PARA O FOMENTO DO USO DO GALEGO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL

- *As axudas contribúen a sufragar as actividades en materia de normalización lingüística realizadas nas entidades locais galegas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para realizar actividades en materia de normalización lingüística nas entidades locais de Galicia. O investimento será dun máximo de 602.668 euros, correspondentes á partida dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

A achega da Xunta de Galicia vaise destinar a financiar a prestación de servizos de normalización lingüística por parte das entidades locais e á organización de programas de dinamización lingüística. O fin último a que se comprometen os asinantes do acordo é a impulsar o proceso normalizador do galego como principal lingua de traballo e comunicación dos funcionarios no seo da Administración local e provincial.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos en que tivesen incorrido os servizos locais de normalización lingüística destinatarios, como consecuencia da realización das actividades de fomento do galego previstas, aínda que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do acordo, pero sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico. Deste xeito tense en conta o importante custo que esta tarefa supón, difícil de manter de forma unilateral polas entidades locais. En todo caso, esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

Para dar conta do uso da axuda, a FEGAMP deberá remitir á Secretaría Xeral de Política Lingüística unha memoria en que se indiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos co seu desenvolvemento. Ademais, para o impulso e seguimento das accións, crearase unha comisión de seguimento, composta por representantes de Política Lingüística e FEGAMP.

O convenio asinado é unha iniciativa máis para garantir o cumprimento dos obxectivos da Lei de normalización lingüística e do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega encamiñados a aumentar o uso da lingua a partir do seu emprego no ámbito das entidades locais.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A SINATURA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO MINISTERIO DE EDUCACIÓN PARA O APOIO Á IMPLANTACIÓN DA LOE

- *O Consellería de Educación achegará máis de 7,9 millóns de euros para o financiamento de iniciativas para o desenvolvemento da lei, mentres que o Goberno central achegará case 5,4 millóns.*
- *A formación do profesorado, especialmente a aprendizaxe de linguas estranxeiras, son algunhas das medidas que se van poñer en marcha*
- *A Consellería de Educación fomenta tamén o éxito escolar e loita contra o abandono temperán dos estudos, a través da extensión do tempo escolar e das actividades de reforzo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Educación e a Comunidade Autónoma de Galicia para o programa de apoio á implantación da Lei Orgánica de Educación (LOE). Mediante este acordo, os asinantes comprométese a pór en marcha diversos programas, todos eles encamiñados a facilitar o desenvolvemento da lei e a mellora das competencias do profesorado e do alumnado do ensino non universitario.

Unha vez asinado o convenio, o Ministerio de Educación transferirá un total de 5.390.191 euros para financiar diversos programas, mentres que a achega da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ascenderá aos 7.989.287 euros. A este acordo chégase despois de que o Consello de Ministros decidise o pasado 29 de xuño distribuír axudas entre as comunidades autónomas co fin de impulsar iniciativas tendentes ao logro dos obxectivos da LOE e preparar o sistema para facer fronte ás novas necesidades educativas.

Formación do profesorado

Cinco son os programas obxecto do convenio. En primeiro lugar, destínase máis de 1,1 millóns de euros á formación do profesorado, tendo en conta que a nova ordenación educativa exige un esforzo suplementario para proporcionar aos docentes a mellor preparación para o desenvolvemento dos currículos que permitan acadar os novos obxectivos do ensino.

Protagonismo especial nesta formación do profesorado ten o Programa de Apoio ao Ensino e Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras, concretado fundamentalmente no programa PALE. Grazas ao investimento de 2,3 millóns de euros, os docentes poderán gozar dunha fase de inmersión lingüística nun país na lingua estranxeira que estean a estudar, e distintos cursos de formación intensiva, coa posibilidade de concilialos con a vida familiar.

Ao abeiro do PALE prevese, así mesmo, a posibilidade de contratación de auxiliares de conversación nativos que impulsen a dinamización na aula da competencia comunicativa.

Cara ao éxito escolar

Outro dos eixes sobre os que pivota o acordo asinado é o fomento das iniciativas para a mellora do éxito escolar do alumnado galego. Neste sentido, destínanse 4,9 millóns de euros a accións de reforzos de materias instrumentais –matemáticas e linguas, fundamentalmente-, así como daquelas que presenten un maior grao de fracaso. Por outra banda, refórzanse os departamentos de orientacións nos centros de educación primaria co fin de detectar canto antes as posibles carencias e adoptar medidas para resolvelas nesa mesma etapa educativa.

Na mesma liña, o acordo reserva máis de 3,4 millóns de euros a actuacións que eviten o abandono temperán do período de escolarización, desenvolvidas fundamentalmente a través dos departamentos de orientación.

O principal punto deste proxecto é a loita contra o absentismo escolar, en estreita colaboración cos servizos sociais dos Concellos. Por outra parte, a Consellería de Educación vai achegar ao alumnado información das posibilidades de estudo de que dispoñen: oferta educativa, accesos, validación, recursos e bolsas, etc.

Por último, esta liña de actuación traballa na extensión e modificación do tempo escolar, co fin de favorecer a conciliación coa vida familiar e contribuír á mellora da aprendizaxe dos nenos e nenas fóra do horario escolar. Estas accións, que son desenvolvidas nos centros educativos a través do respectivos concellos, van dirixidas ao alumnado de segundo ciclo de educación infantil e educación primaria e céntranse no ensino de actitudes e hábitos saudables.

O obxectivo último destes programas é propiciar o aumento de rapaces e rapazas galegos que acadan un título en educación secundaria obrigatoria, e acceden ao bacharelato e a ensinanzas superiores. Deste xeito, poderán contar con máis recursos para facer fronte á vida activa.

Ademais, organizaranse xornadas de traballo de ámbito estatal, que servirán de punto de encontro dos profesionais das distintas comunidades autónomas para o intercambio e a análise de experiencias en aspectos formativos.

O CONSELLO PROCEDE Á APROBACIÓN INICIAL DA DECLARACIÓN DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL DO PROXECTO SECTORIAL PARA O NOVO HOSPITAL ÚNICO DE PONTEVEDRA

- *Con este novo paso, o Executivo autonómico amosa o seu compromiso de dotar a zona dun hospital único, sustentable, ecolóxico e humanizado*
- *A superficie construída estimada será de 150.000 m², e haberá ao redor de 2.000 prazas para aparcamentos*

O Consello da Xunta procedeu hoxe á aprobación inicial da declaración de incidencia supramunicipal do proxecto sectorial para o novo hospital único de Pontevedra. Desta maneira, o Executivo autonómico mantén o seu compromiso de dotar a zona dun hospital único, sustentable, ecolóxico e humanizado, como se demostrou coa aprobación e presentación do seu plan funcional, o pasado 12 de novembro, e con este novo paso, que ten por obxecto a habilitación do solo.

Así mesmo, crearase un grupo de traballo interadministrativo trilateral para axilizar no seu momento todas as tramitacións relacionadas co financiamento e coa dotación de infraestruturas colaterais, como as vías, a subministración de auga e enerxía, etc. Este grupo ten, ademais, como obxectivo definir e xerar un convenio no cal se determinen os compromisos e responsabilidades de cada unha das tres administracións implicadas –Xunta, Concello de Pontevedra e Deputación Provincial– na construción desta infraestrutura.

A construción deste centro sanitario servirá para unificar e mellorar a carteira de servizos sanitarios especializados que actualmente se prestan nos distintos hospitais que conforman o Complexo Hospitalario e a súa área sanitaria.

A licitación da redacción do Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal (PSIS) en que se enmarca a execución desta infraestrutura ten como fin proporcionar un soporte urbanístico, mediante a cualificación axeitada do solo, ao novo Hospital de Pontevedra. Perséguese así o desenvolvemento sanitario da zona norte da provincia desde unha perspectiva de planificación integral dos recursos hospitalarios na zona.

Así, co obxecto de permitir e regular a implantación do novo hospital, ordenarase e habilitarase unha superficie de solo duns 214.000 m², xa que é preciso reservar superficie suficiente para a execución dun novo edificio que albergue a actividade asistencial requirida, incluíndo nela todos os usos compatibles co sanitario que complementan a actividade principal: almacenaxe, subministración, cociña, cafetería, etc.

Tamén se terá en conta o espazo para aparcadoiros, vías internas, zonas libres e reserva de espazo para futuras ampliacións. En resumo, a superficie construída estimada será de 150.000 m² e haberá unhas 2.000 prazas para aparcamentos.

O proxecto comportará a modificación e mellora das infraestruturas afectadas, en particular as infraestruturas viarias, necesarias para o seu correcto funcionamento. A capacidade das vías de acceso ao hospital debe ser suficiente para o volume de tráfico que se xerará e que estará composto polo tráfico de persoal e de visita en vehículos privados, o transporte público –autobuses e taxis-, urxencias –ambulancias e vehículos privados- e subministración –vehículos pesados-.

A proposta sitúa a nova dotación na parroquia de Marcón, en Monte Carrasco, nun espazo preto das grandes vías de comunicación territorial. Este lugar sitúase aproximadamente a dous quilómetros da Autoestrada do Atlántico, enlazando con ela a través da estrada PO 542; e ao mesmo tempo a estrada A Coruña-Tui N550 discorre paralela á parcela a menos de 800 metros, e ten enlace resolto coa N-541 e con todas as estradas de acceso da área sanitaria de referencia.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN DE MEDIOS PARA O XACOBEO 2010 POR UN IMPORTE DE 7 MILLÓNS DE EUROS

- *A S.A de Xestión do Plan Xacobeo abre o concurso para a contratación dos servizos de deseño, creación, planificación, asistencia e a execución do Plan, que se estenderá ata o 31 de decembro de 2010.*
- *O Plan de Medios prevé accións publicitarias en diferentes soportes informativos co obxectivo de difundir a imaxe de Galicia como destino turístico e promocionar o vindeiro Ano Santo.*
- *O obxecto deste Plan é a realización dunha estratexia de medios global que inclúa o análise a investigación de targets, planificación de medios e plans tácticos, contratación de espazos publicitarios, seguimento, control e valoración de campañas e asesoramento durante todo o período.*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o financiamento de gasto de 7 millóns de euros para a contratación do concurso dos servizos de deseño, creación, planificación, asistencia e execución do Plan de Medios para 2010 da S.A de Xestión do Plan Xacobeo. Esta estratexia publicitaria ten entre os seus fins a promoción do Xacobeo, pois o ano 2010 é Ano Santo e non volverá haber outro ata o ano 2021. A Consellería de Cultura e Turismo considera especialmente importante a promoción do referido evento a nivel autonómico e nacional, así como a difusión da programación prevista para o Ano Santo e dos seus contidos coa posta en marcha deste plan de medios global. Para a realización efectiva das ditas actuacións, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo decidiu acudir á contratación de medios externos pola relevancia e magnitude das campañas que se levarán a cabo.

Este Plan de Medios global recolle a investigación dos diferentes públicos obxectivos, a análise e avaliación das distintas campañas que se poidan clasificar como competencia do Xacobeo e o coñecemento e posicionamento do Xacobeo 2010 como marca. Tamén será necesario a fixación de obxectivos de medios, a partir dos obxectivos de mercadoría e comunicación de Xacobeo, para posteriormente desenvolver unha estratexia global acompañada dunha previsión de resultados en termos cuantitativos de alcance das campañas e a súa repercusión.

Deste xeito, requírese unha planificación de medios e plans tácticos, incluíndo a negociación, para a consecución de obxectivos de comunicación e comercialización da marca, así como a reserva, a contratación e a compra de espazos publicitarios en cada un dos soportes suxeridos para a súa posterior difusión nos diferentes medios/soportes.

Así mesmo, realizarase un seguimento, control e información puntual do desenvolvemento da campañas, utilizando todas as ferramentas cuantitativas

necesarias específicas de medición de audiencias. Os responsables da campaña de imaxe prestarán un asesoramento técnico durante a execución do contrato. Finalmente realizarase unha análise poscampaña, cunha avaliación detallada e xustificada de resultados obtidos e repercusión no consumidor.

Promoción do Ano Santo e atracción de visitantes

Entre os obxectivos de mercadotecnia e comunicación de Xacobeo que se pretenden conseguir coa realización desta estratexia de medios global está a sensibilización da opinión pública galega, a quen se pretende integrar e facer partícipe. A nivel xeral, búscase dar a coñecer que 2010 é Ano Xacobeo, mobilizar peregrinos e turistas para que fagan o Camiño de Santiago, atraer visitantes a Galicia con motivo da oferta turística e da programación do Xacobeo 2010, promocionar a imaxe de Galicia no ámbito nacional e divulgar contidos, programación sociocultural e eventos que se organizarán ao longo de 2010.

Planificación e estratexia das campañas

O plan de comunicación estará deseñado para dirixirse a todo individuo que sexa susceptible de asistir a Galicia durante este próximo ano Xacobeo do 2010, independentemente da súa condición socioeconómica, nivel cultural, variable socio-demográfica, etc.

Concretamente a S.A. de Xestión do Plan de Xacobeo dispón de 3 niveis diferentes de públicos obxectivos: *target universal*, individuos de 16 anos e máis, o dito *target* utilizarase como referencia do plan global e como *target* común para a comparación de todas as accións propostas; *targets principais*, que inclúe peregrinos, familias e persoas maiores de 50 anos e *targets secundarios*, que abarcan amantes da natureza e do ecoturismo, deportistas, turismo gastronómico, viaxeiros *Premium*, turismo cultural e turismo relixioso.

Campañas en soportes novidosos

As campañas realizaranse maioritariamente nos medios tradicionais, aínda que serán valoradas positivamente as propostas presentadas de accións en medios non convencionais, é dicir, soportes novidosos. Considéranse formatos de comunicación a televisión, prensa, exterior (mobiliario urbano, pantallas, medios de transporte), revistas e suplementos, radio, internet e cine.

O prazo de presentación dos proxectos aspirantes ao concurso será de 40 días a partir do día da remisión do anuncio do plan ao *Diario Oficial da Unión Europea* para a súa publicación. O prazo de execución estenderase ata o 31 de decembro de 2010. Dentro da orientación desestacionalizadora coa que a Consellería de Cultura e Turismo quere dotar o Xacobeo 2010, está previsto realizar campañas xenéricas e específicas (dirixidas a *targets* concretos) en diferentes épocas do ano.

A XUNTA DESTINA MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS PARA FINANCIAR 150 PRAZAS DE ATENCIÓN A MENORES EN PONTEVEDRA E A CORUÑA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe dous convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e as deputacións das dúas provincias*
- *Os dous acordos porán á disposición do Goberno galego 100 prazas en Ciudad Infantil Príncipe Felipe' de Pontevedra e outras 50 no Fogar infantil Emilio Romay de A Coruña*
- *En total, trátase de 115 prazas de acollemento residencial e 35 de atención de día*

O Consello da Xunta autorizou hoxe dous convenios de colaboración de cara á 2010 entre a Consellería de Traballo e Benestar e as deputacións da Coruña e Pontevedra. Grazas a un investimento superior ao millón de euros, o Goberno galego disporá dun total de 150 prazas para a atención a menores que estean en situación de tutela ou garda por parte da Administración.

Así, o obxecto do convenio é a cesión de prazas á Xunta por parte do centros *Ciudad Infantil Príncipe Felipe*, en Pontevedra, e do *Fogar infantil Emilio Romay*, ambos dependentes das súas respectivas deputacións provinciais.

Deste xeito, o departamento de Traballo e Benestar destina un total de 730.000 euros á instalación de Pontevedra, que porá á disposición da Xunta un total de 100 prazas (75 de acollemento residencial e 25 en atención de día). Pola súa parte, o *Fogar Infantil Emilio Romay* recibirá 365.000 euros para a cesión de 50 prazas (40 en réxime de internado e 10 de atención de día).

No caso do centro de Pontevedra, os usuarios serán nenos e mozos de entre os 0 e os 18 anos, mentres que a instalación da Coruña está dirixida a nenos de entre 0 a 6 anos. Neste fogar están previstas, ademais, dúas prazas de acollemento residencial para ingresos de urxencia de menores de entre 0 e 3 anos.

En concreto, no *Príncipe Felipe* a distribución das prazas será a seguinte: 15 para menores de 0 a 6 anos; 50 para mozos de 7 a 18 anos; 10 para menores de primeira acollida e 25 para menores en réxime de atención de día.

Pola súa banda, no *Fogar infantil Emilio Romay*, das 50 prazas, 30 serán para os menores de 15 meses a seis anos; 10 para os de 0 a 15 meses e outras 10 en fogar de día para os menores de 0 a 6 anos.

Un dos principais obxectivos da Xunta e das deputacións –as titulares dos centros– é mellorar a situación persoal e sociofamiliar dos menores tutelados ou en situación de garda pola Administración, procurando a súa reintegración na familia de orixe, ou en

todo caso nunha familia acolledora, con internamentos que duren o menor tempo posible.

Neste sentido, a Consellería de Traballo e Benestar lembra que o ingreso dun menor nestes centros, aínda que sexa de modo temporal, só se realiza cando se esgotan todas as posibilidades de mantemento do neno na súa familia, a través da utilización doutros recursos preventivos como son as axudas económicas, os apoios ás familias ou as achegas escolares.

Ademais, os menores acollidos nestes centros reciben un tratamento individualizado por parte do equipo educativo e un seguimento evolutivo.

Tanto o centro *Ciudad Infantil Príncipe Felipe* como o *Fogar infantil Emilio Romay* ofrecen unha atención que abrangue os aspectos educativos, formativos e de coidado e atención que permiten o desenvolvemento da personalidade individual dos rapaces.

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA DISCAPACIDADE

A Xunta de Galicia aposta pola plena igualdade e inclusión das persoas con discapacidade, desde o convencemento de que este é un paso ineludible na construción dunha verdadeira sociedade do benestar, aquela en que todos os seus individuos teñan as mesmas oportunidades para levar a cabo un proxecto de vida. Un compromiso que hoxe quere reafirmar, con motivo da celebración do Día Internacional da Discapacidade, que ten como lema Realización dos obxectivos de desenvolvemento do milenio para todos: Empoderamento das Persoas con Discapacidade e as súas comunidades ao redor do mundo”.

Isto significa que temos que actuar nos ámbitos da educación, da formación e do emprego, da igualdade de xénero, da saúde e dos servizos sociais, da cultura, o deporte e o tempo de lecer.

As diversas leis, declaracións, convencións e tratados autonómicos, estatais, europeos e internacionais inciden especialmente na necesidade de que as accións dirixidas á promoción da igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade teñan un carácter transversal. O Goberno galego traballa con esta filosofía: imos conseguir a normalización estendendo as accións de inclusión todo o tempo e a todos os eidos, e non só creando ferramentas específicas en lugares e momentos concretos.

O Goberno galego ultima xa o Primeiro Plan de Acción Integral das Persoas con Discapacidade de Galicia, unha ferramenta en que se vertebran as estratexias que se van seguir pola Comunidade Autónoma na atención ás persoas con discapacidade, e a través da cal se irán coordinando e mellorando os recursos dispoñibles.

Un Plan en cuxa elaboración a Xunta tivo en conta as achegas das entidades de iniciativa social, atendendo ao principio de participación que se recolle no artigo 33 da *Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade* das Nacións Unidas, do 13 de decembro de 2006. Pero sobre todo, polo inmenso valor da súa experiencia neste ámbito.

Nesta data, a Xunta de Galicia desexa tamén facer explícito o recoñecemento e agradecemento da sociedade galega ao gran labor desenvolvido ao longo da historia por estes colectivos, auténticos protagonistas na creación de servizos e na mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade que ocuparon durante moitos anos un oco que non cubrían as Administracións. Para o Goberno galego, serán agora fundamentais no deseño e posta en marcha das novas políticas e accións para este colectivo.

Por último, a Xunta quere facer un chamamento a todas as galegas e galegos para o desenvolvemento dos principios básicos que forman parte dos dereitos humanos e que nos levarán a construír unha sociedade moderna, integradora e inclusiva: a non discriminación, o respecto pola diversidade, a promoción da igualdade de oportunidades e da vida autónoma e independente de todas as persoas.